

COMPOSICIÓN 12.

Desde principios do século XIX producíronse en España importantes cambios na estrutura e organización social. O triunfo do Liberalismo político e a paulatina industrialización significaron o remate da sociedade estamental do Antigo Réxime e a súa substitución pola sociedade de clases. A **sociedade de clases, baseada na riqueza**, caracterízase polo antagonismo entre 2 clases sociais, a **burguesía**, clase dominante posuidora do capital e do poder político; e o nacente **proletariado**, traballadores da industria, clase non moi significativa no s. XIX pola escasa industrialización en España e que vivirá sometida a unhas condicións de vida moi desfavorables.

Os grupos sociais tradicionais, a nobreza, o clero e campesiñado evolucionaron de forma diferente.

A nobreza, coa abolición do Réxime señorial veuse privado do señorío xurisdiccional (xulgar, poñer impostos...) e do morgado, pero veu incrementada a súa propiedade grazas á desamortización dos bens da Igrexa e dos concellos. Acabou por aburguesarse e seguir no cumio da nova sociedade de clases. En Galicia a fidalguía durante o s. XIX foi esmorecendo por mor da crise agraria e a diminución do valor das rendas. Adoptou posturas políticas conservadoras, apoiando primeiro ó Carlismo e logo formando parte do caciquismo.

O clero, co triunfo do Liberalismo veu reducidos os seus privilexios, a súa riqueza e o seu número (reducido nun terzo) a causa de medidas como as desamortizacións, supresión de conventos... O clero adoptou unha postura totalmente contraria ó Liberalismo progresista, achegándose a correntes tradicionalistas como o Carlismo.

Durante a Restauración, a Igrexa veuse favorecida polo Liberalismo doutrinario do Réxime Canovista: aumentou o seu control social e sobre a educación e veu incrementado o número de relixiosos grazas á lei de Asociacións e a implantación en España de congregacións foráneas.


O campesiñado seguiu a ser o grupo social máis numeroso pois a escasa industrialización en España reduciu moi pouco os seus efectivos. A Desamortización dos bens comunais e de propios dos concellos, prexudicounos notablemente ó ser privados de parcelas de cultivo e de pastos para o seu gando.

En Andalucía, Extremadura... predominaban as grandes propiedades pertencentes a unha oligarquía agraria (1% de propietarios posuía o 42% da terra en Andalucía), traballadas por un inxente nº de xornaleiros, proletariado agrícola, sometidos ó paro estacional e a uns salarios e condicións de vida miserables, situación que motivou numerosas revoltas e propiciou o espallamento do anarcocomunismo.

En Galicia, as condicións dos campesiños eran mellores grazas á pervivencia do foro (garantía a estabilidade da renda e o dereito á transmisión hereditaria da explotación) e á especialización dos cultivos do millo e pataca que lles permitían pagar as rendas, os décimos á Igrexa e as contribucións ó Estado. Aínda así, o predomínio do minifundio e o mantemento do foro lastraron a modernización da agricultura galega. O desequilibrio entre recursos e poboación levará a unha importante emigración, así como ó nacemento do agrarismo, movemento do campesiñado que promoverá a redención dos foros para facilitar o acceso dos campesiños á propiedade da terra.

O desenvolvemento da **burguesía** e o **proletariado** está condicionado pola escasa industrialización no s. XIX que explica o baixo nº de integrantes de ambas clases.

A **burguesía** vai ser o grupo ascendente que exerza o poder político e económico e que acabará impoñendo os seus valores e modo de vida, polo que podemos falar da sociedade do s. XIX como **sociedade burguesa**.



Dentro da burguesía pódese diferenciar unha **alta burguesía** (financeiros, industriais e comerciantes), grandes fortunas que exercen o control político (oligarquía), que residen na Corte de Madrid, e en grandes cidades como Barcelona ou Bilbao, e que tenden a ennobrecerse; e as **clases medias urbanas**, grupo heteroxéneo formado por pequenos propietarios de terras, de inmobles, de obradoiros, de negocios...profesionais liberais (avogados, médicos, notarios...) e asalariados non manuais (funcionarios...). Estas clases medias, polo xeral, defenderán os ideais do Liberalismo democrático e reformas económicas e sociais.

O proletariado, formado por traballadores procedentes do campo e das clases populares urbanas, Tivo que soportar duras condicións laborais e de vida: longas xornadas de traballo, salarios ínfimos, ausencia de dereitos como o de asociarse, traballo infantil, elevada mortalidade, barrios insalubres, vivendas pésimas, amoreamento... O emprego de man de obra infantil e feminina foi moi abundante polo menor salario que recibían.

A muller traballadora: Os escasos salarios dos traballadores eran insuficientes para o mantemento da familia, polo que as mulleres debía buscar o medio de achegar un complemento á economía doméstica traballando fóra de casa, ben en fábricas, ben nas casas da burguesía.


Esta nova situación incrementaba a discriminación da muller. Á discriminación social (sometemento ó seu pai, ou ó seu marido), xurídica(condición legal inferior á do home) e cultural (maiores taxas de analfabetismo, en 1900 71% de mulleres analfabetas fronte o 55% dos homes, dificultades de acceso ó ensino universitario, so algunhas mulleres de clase media e alta farano ata 1910 con permiso das autoridades), engadiuse a **discriminación laboral e salarial**. As mulleres contaban na inmensa maioría dos traballos con menos dereitos e máis obrigas que ás dos homes, Ademais o seu salario, aínda realizando o mesmo traballo, era entre un 30 e un 60% inferior ó dos homes.

Na Industria hai que destacar, como sectores onde a man de obra feminina era maioritaria, as fábricas de tabaco e a industria téxtil, pois a tradicional dedicación das mulleres ó fiado e tecido, permitiu a súa doada incorporación. No sector terciario, destacan como actividades maioritariamente femininas, o servizo doméstico (a maioría mulleres solteiras entre 15 e 25 anos), as parteiras ou comadroas e, en menor medida, mestras. No campo, en xeral, ás mulleres se lle asignaban labores específicos como a vendima, sachoar, a recollida da oliva...En Galicia as mulleres ocupábanse de toda sorte de traballos: gardar o gando, guiar os carros, sachoar, segar, labrar as terras, pastorear o gando...

A lexislación para regular o traballo infantil e da muller foi serodia e en numerosas ocasións incumplidas polos patróns. Podemos destacar a Lei Benot de 1873, que prohibía o traballo de nenos e nenas menores de 10 anos e a Lei de 1900 que, entre outras medidas, liberaba á muller do traballo 3 semanas despois do parto.

A loita das mulleres obreiras para mellorar a súa situación, como mulleres e traballadoras, foi máis complexa que para os homes. As mulleres sometidas a condicións laborais e salariais máis duras tamén tiñan que facerse cargo do mantemento do fogar, segundo o modelo patriarcal imperante na sociedade. Este modelo considerábaas inferiores, subordinadas e complementarias, modelo tamén presente nas organizacións obreiras, que se ben procuraban a liberación da clase traballadora, resistíanse a tratar con igualdade ás súas compañeiras.

Primeiras organizacións de traballadoras: Aparecen nas 2 últimas décadas do s. XIX. Nun principio as mulleres traballadoras intégranse nos sindicatos de clase, pero, dados os seus problemas específicos, empezaron a constituír sociedades independentes de carácter sindical ó amparo da Lei de Asociacións de 1887, basicamente sociedades de socorro mutuo ou de resistencia (Unión Feminina de Ferrol).



Xurdirán, ademais, sindicatos de mulleres socialistas, anarquistas e incluso católicos. Uns van permanecer independentes dos grandes sindicatos, mentres que outros integráranse na UXT ou nas Federacións locais anarquistas.

Feminismo: Dado o atraso económico, o predominio dunha sociedade conservadora, o peso da Igrexa católica e a xeneralización do modelo tradicional de muller, o feminismo chegou con retraso a España. Podemos distinguir 2 correntes:

Feminismo obreirista co dobre obxectivo da liberación de clase ademais da de xénero. Destacarán fundamentalmente as anarquistas, como Guillermina Rojas, feminista e colaboradora da I Internacional en España ou a Sección Varia de Traballadoras Anarcocolectivistas de Sabadell en 1884 (primeiro colectivo de mulleres feministas e de clase en España...) e en menor medida as socialistas (Grupos femininos Socialistas, a partir de 1904 dentro do PSOE).

Entre as líderes máis destacables destacan a anarquista Teresa Claramunt, (fundadora en 1891 da Agrupación de Traballadoras de Barcelona, co dobre obxectivo de organizar as mulleres traballadoras para defender os seus dereitos laborais e potenciar a organización de xénero fronte a unha sociedade machista) e as socialistas Virginia González e Belén Sárraga. Todas elas destacan pola súa participación en mitins e folgas, pola escritura de artigos e libros cos que forxaron opinión na sociedade da súa época.

Feminismo librepensador. As primeiras feministas son unha minoría de mulleres de clase media ou alta, especialmente literatas, que nas súas obras denuncian a situación da muller. Entre elas destacan as galegas Rosalía de Castro, Concepción Arenal, pioneira do feminismo, Emilia Pardo Bazán e Filomena Dato Muruais que, xunto a Rosalía, son consideradas as mellores representantes da lírica feminista do s. XIX. En España podemos destacar a Carmen de Burgos.

A finais do século XIX, desenvolverase a reivindicación dos dereitos femininos desde o republicanismo, laicismo e anticlericalismo (Agrupación de mulleres librepensadoras en Barcelona, 1896; Sociedade progresiva feminina, 1898).

Paralelamente, desde finais do s. XIX, vaise desenvolver un **feminismo conservador** que non cuestiona o papel da muller tradicional. Destacan as organizacións relacionadas co nacionalismo catalán (revista Or i Grana) que vinculan á muller como base da construción da patria catalá; e as organizacións católicas de mulleres de carácter benéfico, caritativo, de orientación profesional e tamén creadoras de bolsas de traballo para o servizo doméstico.

Sufraxismo: En canto ó eido político, a organización das mulleres para esixir os seus dereitos políticos foi un fenómeno moi serodio e minoritario. Son grupos moi reducidos os que, fundamentalmente a través da prensa, canalizan as inquedanzas das mulleres pola participación na vida política. “El Nuevo Pensil de Iberia” de orientación fourierista reivindicaba a igualdade dos sexos e a mellora das condicións das traballadoras.

O primeiro debate parlamentario no que se inclúe unha emenda para o sufraxio feminino data de 1877 cando o Partido Liberal propón o sufraxio das mulleres que exercían a patria potestade (grupo moi minoritario).

En 1908, con motivo dun proxecto de Administración local, Pi Arsuaga pediu o voto para a muller nos Concellos. A Comisión parlamentaria, conservadora, rexeitou a proposta por «falta de oportunidade e de preparación do público español”.



EXPERIENCIA E IDENTIDAD DE UNA INTERNACIONALISTA: TRAZOS BIOGRÁFICOS DE GUILLERMINA ROJAS ORGÍS



por Gloria Espigado Tocino



A 1ª Guerra Mundial impulsou o sufraxismo en toda Europa. Como consecuencia, en España, o feminismo laicista, republicano e librepensador reorientouse cara ó sufraxismo. En 1920, 2 asociacións de mulleres, A Liga Española para o Progreso da Muller e A Cruzada das Mulleres españolas, elevaron unha petición para que se lle concedera á muller o dereito de sufraxio.

A Asociación sufraxista máis importante, fundada en 1918, foi a Asociación Nacional de Mulleres Españolas que se manterá ata a 2ª República. Formada por mulleres da clase alta e media, entre as súas asociadas podemos destacar a Clara Campoamor, María de Maeztu ou Victoria Kent. En 1919 a Asociación Nacional de Mulleres Españolas lanzou un manifesto onde se recollen as principais arelas do feminismo en España: Cumprimento das leis protectoras da muller, elixibilidade da muller nos comicios, acceso a todas as categorías da Administración Pública, reforma do Código Civil respecto ó matrimonio, patria potestade..., dereito a formar parte dos xurados populares, participación no ensino universitario, igual remuneración que os homes...

Aínda que neste manifesto non se reivindica o sufraxio feminino, posiblemente por non contar co acordo de todas as integrantes (si está presente no manifesto doutra Asociación feminista, A Unión de Mulleres españolas, coetánea da ANME, que reivindica “ conseguir para ella todos los derechos individuales, civiles y políticos que las leyes conceden al hombre”), xa en xaneiro de 1920 a presidenta da ANME, María Espinosa de los Monteros, reivindica para a muller o “dereito ó sufraxio integral”.

A instauración da Ditadura de Primo de Rivera en 1923, aínda que concedeu o acceso ás mulleres a cargos políticos, en realidade supuxo un claro retroceso para as aspiracións dos grupos feministas. A 2ª República, entre 1931 e 1936 satisfará grande parte das aspiracións do feminismo español.



DOCUMENTOS

Reglamento interno para as fábricas de conserva de Vigo. 5-11-1899

Art. 7 (...) para as mulleres e os peóns as horas de entrada serán as mesmas que para os operarios soldados, pero saíran media hora despois, sendo obrigación das mulleres e aprendices a limpeza diaria das fábricas, unha vez rematada a xornada.

Art. 9º. Non se permitirá o traballo ás mulleres durante as tres semanas posteriores ó parto. Cando se solicite a baixa por causa de próximo parto, se lle reservará o posto durante as tres semanas posteriores ao parto. As mulleres que teñan fillos, no período de lactancia terán unha hora ó día, dentro das de traballo, para dar de mamar ós fillos. Lei de 1900

Na súa maior parte os sindicatos masculinos trataban de protexer os seus empregos e salarios mantendo ás mulleres á marxe das súas organizacións ... Aceptaron o feito de que os salarios femininos fosen máis baixos que os dos homes e, en consecuencia, trataron ás mulleres traballadoras máis como unha ameaza que como potenciais aliadas.

Joan W. Scott, A muller traballadora no século XIX. 1993.

Art. 2. A Sociedade ten por obxecto mellorar as condicións das súas afiliadas (...)

Art. 3. Para ter ingreso nesta Sociedade será preciso ser maior de 15 anos e non exceder de 60 (...)

Art. 7. Para constituír o fondo da Sociedade e sostemento da mesma, cada asociada pagará de cota mensual 50 céntimos, elevándoa, se as necesidades o requiran e fose acordado por xunta xeral.

Reglamento da Unión Feminina. 1909. Sociedade descargadoras peirao de Ferrol.

Iso de que a muller, por exemplo unha viúva ou unha solteira, que paga contribución, unha nai de familia, titora dos seus fillos, persoas todas de capacidade, non teñan voto, non poidan intervir e, en cambio, o teña calquera pailán que nin sequera sabe poñer a súa sinatura, só porque é home, é un absurdo, un contrasentido.

El Correo de Galicia, 10/02/1917

España foi a nación que permaneceu máis tempo afastada do problema político quizás porque nin os homes mesmos comprenderon a súa importancia e que a política, ou sexa canto forma o ambiente nacional, é á vez un dereito e un deber de todos os cidadáns e que o voto é unha función non escusable, para os dous sexos, posto que a soberanía non é de esencia masculina.

Carme de Burgos. A muller moderna e os seus dereitos.